

# POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

11 MARZO 2018

40 días CAMIÑANDO: No TÚNEL.

Abandona a ESCURIDADE e vaite á LUZ.

## 1. VER: No túnel

- Podemos facer o xogo do Lazarillo: tápanse os ollos de varios membros do grupo, o resto os guía por un camiño con obstáculos procurando que non caian. Logo cámbianse os roles. Dialogamos ao final como nos sentimos e que é máis fácil ser acompañantes ou acompañados.
- Deixamos o templo da semana pasada e este domingo tócanos **atravesar un túnel**. Dialogade se vos atreveríades a entrar sen luz, o que sentiríades ao non saber o que vos podedes atopar ou cara a onde ir... Pero se vos quixédeses esconder, a escuridade sería ideal... Pero en xeral todos prefiren camiñar con luz que andar sen ver nada, non?

*Pasaches algún momento na túa vida no que a tristeza  
ou o medo te fixesen sentir que andabas a escuras?*

## 2. XULGAR: Xesús veu ao mundo a ser a luz

- Xesús**, no evanxeo de hoxe, **atópase con Nicodemo**, un fariseo que ás agachadas vai de noite a falar con Xesús, porque necesita atopar luz na súa vida. Xesús explícalle que *“Deus enviou o seu fillo ao mundo para salvalo”... “a luz veu ao mundo pero os homes preferiron a escuridade á luz”*.

### QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Como Nicodemo, atopamos tramos escuros** na vida, debido a unha enfermidade, un enfado, un fracaso, e non sabemos cara

a onde tirar. Se camiñamos así, corremos o perigo de tropezarnos e ata caernos, perder a alegría... Por iso necesitamos atopar unha luz.

**-Xesús é a nosa luz**, se o escoitamos e o aceptamos, irá iluminando eses momentos escuros, dará sentido, será a nosa alegría, a nosa esperanza, a nosa fortaleza. Descubriremos que xa nunca estaremos sos.

**-Se Xesús é a nosa luz a nosa vida será toda AMOR**, e co noso amor iremos poñendo luz na nosa vida e ao noso redor, como fixo el con todos...

**-Pero corremos o perigo de elixir a escuridade**, as malas obras e rexeitar a Xesús.

***Que pode darche Xesús?***

***Déixaslle ser a túa luz?***

### **3. ACTUAR: Abandona a escuridade e vaite á luz.**

-Descubride que escuridades hai na vosa vida, na vosa familia, no trato cos demais. Comentade como podedes prender a luz de Xesús poñendo amor alí onde vos atopedes.

-Poderíamos facer unha oración decorando con velas grandes e pequenas, lámpadas distintas e un lema: “Xesús é a nosa luz, que nunca andemos ás escuras”.

-Envía aos teus colegas o debuxo coa mensaxe: “Xesús, que sempre sexas a miña luz”.

***Que vas facer esta semana?***

# LECTURAS

- **2º libro das Crónicas 36, 14-16. 19-23 (breve): *A ira e a misericordia do Señor serán manifestadas no exilio e na liberación do pobo.***

No ano primeiro de Ciro, rei de Persia, para cumprir o que dixerá Deus por medio de Xeremías, o Señor moveu a Ciro, rei de Persia, a promulgar de palabra e por escrito en todo o seu reino: *«Así di Ciro, rei de Persia: O Señor, Deus do ceo, entregoume todos os reinos da terra. **El encargoume construírle un templo en Xerusalén de Xudá. Quen de entre vós pertenza a ese pobo, pode volver. Que o Señor, o seu Deus, estea con el!**».*

Palabra do Señor.

- **Salmo 136: R/-**

*Que se me pegue a lingua ao padal se non me acordo de ti.*

- **Efesios 2, 4-10:**

*Mortos polos pecados, estades salvados por pura graza.*

- **Xoán 3, 14-21: Deus enviou o seu Fillo para que o mundo se salve por el.**

**Narrador:** Naquel tempo díxolle Xesús a Nicodemo:

**Xesús:** -«O mesmo que Moisés elevou a serpe no deserto, así **ten que ser elevado o Fillo do home**, para que todo o que cre nel teña vida eterna. Porque tanto amou Deus o mundo, que entregou ao seu Unixénito, para que todo o que cre nel non pereza, senón que teña vida eterna. Porque Deus non enviou o seu Fillo ao mundo para xulgar o mundo, senón para que o mundo se salve por el. O que cre nel non será xulgado; o que non cre xa está xulgado, porque non creu no nome do Unixénito de Deus.

*Este é o xuízo: que a luz veu ao mundo, e **os homes preferiron a tebra á luz**, porque as súas obras eran malas. Pois todo o que obra o mal detesta a luz, e non se achega á luz, para non verse acusado polas súas obras. En cambio, o que obra a verdade achégase á luz, para que se vexa que as súas obras están feitas segundo Deus».*

**Palabra do Señor.**

**(Narrador - Xesús).**